

Actividade: A coordinación do noso organismo


semana 10/05/2020

O último día de entrega : 20 /05/2020

Nome:.....Grupo :.....

O encéfalo é o órgano nervioso que se encontra no interior do cranio. As súas funcións son moi diversas: desde o control das emocións polo sistema límbico ata a memoria. O encéfalo procesa a información que recibimos dos órganos receptores, polo que se ocupa do equilibrio, do pensamento, a fala, a audición...

1. **Observa o debuxo da estrutura do encéfalo. Pon nome a cada parte.**



2. **Agora asocia cada unha das seguintes funcións a unha parte do cerebro:**

A: Control do sistema hormonal.

B: Control do equilibrio, a postura e os movementos.

C: Control das funcións superiores conscientes.

D: Control do latexo cardíaco e a respiración.

E: Elaboración de ideas.

Actividade: A coordinación do noso organismo

semana 10/05/2020

O último día de entrega : 20 /05/2020

- 3. Compara o debuxo dos homúnculos sensoriais e motores que aparece na páxina 95 do teu libro coas áreas motora e sensorial sinaladas neste debuxo. Logo, contesta as**



preguntas.


- a)** Que hemisferio aparece representado no debuxo?
- b)** En que área se xeran os movementos voluntarios?
- c)** Que área recibe as informacións da visión, a audición ou o tacto?
- d)** Que zona do cerebro cres que está funcionando mentres fas esta actividade?

Actividade: A coordinación do noso organismo

semana 10/05/2020

O último día de entrega : 20 /05/2020


Os estímulos externos son aqueles cambios ambientais que poden ser detectados polo noso organismo. Estes estímulos son captados por unhas células nerviosas sensibles, os **exteroceptores**, que forman os **órganos dos sentidos**.



4. Despois de entender a imaxe anterior , une as seguintes columnas segundo corresponda :

- | | |
|----------------------|----------------------------|
| 1. Nocirreceptores | captan efectos mecánicos |
| 2. Mecanorreceptores | captan sustancias químicas |
| 3. Quimiorreceptores | captan luz |
| 4. Fotorreceptores | captan temperaturas |
| 5. Termorreceptores | captan estímulos dolorosos |

5. Na seguinte imaxe , aparece un órgano sensorial : o ollo . Nomea as súas partes



Actividade: A coordinación do noso organismo

semana 10/05/2020

O último día de entrega : 20 /05/2020

6. Do exercicio anterior indica que parte do ollo está relacionada coas seguintes afirmacións :
 - a) Protexe ao globo ocular :
 - b) Contén as neuronas fotorreceptoras :
 - c) É a parte anterior do ollo , abombada e transparente :
 - d) Parte do ollo encargada de enfocar ou acomodar a imaxe:
 - e) Parte coloreada do ollo :
 - f) A súa función e contraer ou dilatar a pupila :
 - g) Zona do ollo que carece de células sensibles á luz , por onde a retina conecta co nervio óptico:
7. Que nome teñen as células fotorreceptoras que nos permiten detectar as cores?
8. E as que nos permiten a visión de baixa luminosidade?